

CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN «MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE»



Dolmen de Dombate (Borneiro. Cabana de Bergantiños) na actualidade

**Cuestionario elaborado polo departamento de Historia
(CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida)**



**CPR PLURILINGÜE
Fogar de Santa Margarida**

Panel nº 2 _____

Que é un túmulo ou mámoa?

Un túmulo ou mámoa é unha elevación artificial do terreo que oculta debaixo (no seu interior) un sepulcro da época megalítica.

Que nomes recibe o menhir en galego?

Recibe os nomes de pedrafita ou parafita

Cal é o concello coruñés que posúe un maior número de mámoas?

Este concello é Vimianzo

Panel nº 3 _____

Que son os esteos? E as tampas?

Os esteos son as pedras verticais dunha anta ou dolmen. Mentres que unha tampa é a súa cuberta ou pedra superior.

Panel nº 4 _____

Escribe a lenda da Pedra Moura de Aldemunde (Carballo)

A lenda de Pedra Moura de Aldemunde conta que este dolmen foi construído por unha moura, que trouxo as pedras na cabeza mentres fiaba na roca e aleiteaba un neno.

Panel nº 5 _____

Que é o que chama a atención de Pedra da Arca (Cerqueda-Malpica)?

Chaman a atención as súas dimensións colosais.

Panel nº 6

Anota o nome do autor do Rexurdimento literario galego que escribiu o poema "O dolmen de Dombate". En que libro o publicou?

Este poema escribiuno Eduardo Pondal e publicouno en *Queixumes dos pinos*.

Cerca de que dolmen está moi próximo o castro A Cidá de Borneiro (Cabana de Bergantiños)?

O castro A Cidá de Borneiro está próximo do dolmen de Dombate.

Panel nº 7

Que función tiñan os idoliños antropomorfos que aparecen nas escavacións dos dolmens?

Quizais servían para marcar os lindeiros sacramentais funerarios entre o mundo interior e o exterior.

Panel nº 8

Que alcume recibía a lona de plástico que cubriu durante moito tempo o dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños)?

Alcumáraona como o burka de Dombate.

Panel nº 9

De todas as antas que aparecen na exposición, cal non é considerada como verdadeira anta ou dolmen polos investigadores?

A Fornela dos Mouros (Laxe), polas dimensión reducidas e a localización nun monte pedregoso.

Panel nº 10

Por que a anta Pedra Moura de Pedra Vixía (Zas) está tan estragada?

Esta anta está así porque nos anos 50 do século XX un veciño de Lamas quixo utilizar súas pedras para realizar obras na súa casa e partiu a tampa de cubrición.

Panel nº 11

Que nos permite comprender a Mina de Recesindes (Vimianzo)?

Permítenos coñecer o sistema de construción de megalitos e visualizar a integración da anta ou dolmen na mámoa.

Panel nº 12

Onde escavou o matrimonio alemán Leisner e descubriu unha serie de gravados e pinturas?

O matrimonio Leisner interviú no dolmen de Pedra Cuberta (Treos-Vimianzo).

Panel nº 13

Que anta se atopa algo desprazada polo empurre das dúas tampas de cubrición?

É a Pedra Moura de Carnio (Vimianzo)

Panel nº 14

Cara a onde está orientado o corredor da Pedra da Lebre (Vimianzo)?

Este corredor oriéntase cara ó leste.

Panel nº 15

Segundo un poema de Eduardo Pondal, en que mausoleo descansa o guerreiro celta Brandomil?

Brandomil xace na Arca da Piosa (Zas)

Que anta presenta na parte inferior dunha das súas lousas unhas rugosidades acanaladas moi marcadas?

Esta característica apréciase na Arca da Piosa (Zas)

Panel nº 16

Que anta serve de límite entre as parroquias de Baíñas e Olveira?

A anta que marca estes lindes é Pedra da Arca. Divide Baíñas (Vimianzo) e Regoelle (Dumbría)

Panel nº 17

Que anta foi durante moitos anos refuxio de pastores?

A Casota de Freáns (Vimianzo)

Panel nº 18

Que se atopou no enxoval da Mina da Parxubeira (Mazaricos)?

Encontráronse láminas de sílex, unha punta de frecha, anacos de cerámica campaniforme e, sobre todo, catro estelas antropomórficas e uns idoliños chamados betilos que se localizaban no exterior da mámoa.

Panel nº 19

O arqueólogo Antón Rodríguez Casal que pensa que é a Mina da Parxubeira (Mazaricos)?

Antón Rodríguez Casal pensa que forma parte dunha gran necrópole megalítica (de Sotorraño-Parxubeira-Portocairo).



Dolmen Pedra da Arca (Cerqueda. Malpica de Bergantiños)